



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

A Rosiña do Tanxeiro
era unha gran costureira
/: i un día estaba cosendo *ui, ai, ai*
no cuartiño da palleira. :/

O que ela estaba faendo
unhas braghas i un sustén
/: cuando i-as fui a probar *ui, ai, ai*
por ver si lle estaban ben. :/

Anselme da Vilanova
era un novio que ela tiña.
/: foise por trás dunhas reixas *ui, ai, ai*
por ve-lo que ela faía. :/

Desde que lle viu as pernas
cambiou de parecer:
/: “Que dote nin que centella *ui, ai, ai*
o que vale é ter muller.”

[Anselmo o ver aquilo]
xa non se tiña de pé:
/: “Raios te parta, Rosiña *ui, ai, ai*
que pernas máis brancas tes.” :/

“Raios te parte, oi Anselme,
e mas quen te troixo aquí
/: que se non fosen as bragas *ui, ai, ai*
vias a capital de Madrid.” :/

O rapaz non tiña idea
de casarse ca rapaza
/: porque non lle tiña dote *ui, ai, ai*
non lla querían na casa. :/

Desde que lle viu as pernas
cambiou de parecer:
/: “Qué dote nin que centella *ui, ai, ai*
o que vale é ter muller.” :/



Trataron o casamento
na capela do Anenxo.
/: Coitadiño do Anselme *ui, ai, ai*
que entrou solto i saliu preso. :/

Convidaron muita xente
i os gaiteros pra tocar
/: i os casadiño de novo *ui, ai, ai*
tiñan ganas de bailar. :/

Bailaron a muiñeira,
fóronse con sol á cama,
/: si o Anselme faía ben *ui, ai, ai*
a Rosiña lle ganaba. :/

I-alá pola media noite
Anselme quedou dormido
/: e decíalle a Rosiña: *ui, ai, ai*
“Despértate, meu marido :/

Tantas ganas como tiñas,
xa paraches meu danzante,
/: cuando hoxe fas así *ui, ai, ai*
que farás pra máis adiante.” :/